

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA EN DATA 22 DE XULLO DE 2019

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Ángel Alvariño Saavedra (PSG-PSOE)

Sres./as. Concelleiros/as:

D^a. Ana Rosa Pena Barcia (PSG-PSOE)

D. Gonzalo Ferreiro Rego (ídem)

D^a. Verónica Vigo Santamariña (ídem)

D. Ángel Salvador García Cordero (ídem)

D^a. Ángeles Puentes Maceiras (ídem)

D. Eduardo Rodríguez Rey (ídem)

D^a. Soraya María Fernández Leal (ídem)

D. José Manuel Sanmartín Fornos (ídem)

D. Eduardo José Pereira Arnosó (PP)

D. Roberto Rey Fernández (ídem)

D^a. Cristina Bouza Bellón (BNG-G. Mixto)

D. Juan Carlos Pita Galego (MOVENEDA-G.

Mixto)

Na Casa do Concello da Vila de Neda, sendo as doce horas e cinco minutos do día vintedous de xullo de dous mil dezanove, convocado en forma regulamentaria, réunese en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Ángel Alvariño Saavedra, en sesión de carácter ordinario, o Pleno do Concello, ao cal asisten os concelleiros e concelleiras que na marxe se relacionan, que son todos os integrantes da Corporación. Actúa como Secretario o titular deste Concello de Neda, D. Alejandro R. Antelo Martínez, asistindo tamén a Interventora desta entidade, D^a. Sonia Lorenzo Barbeito.

Sendo a hora sinalada e co *quórum* regulamentario a Presidencia acorda dar comezo á sesión, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día cursada xunto coa convocatoria, adoptándose, en relación cos mesmos, os acordos que pola mesma orde se pasan a consignar.

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 01/07/2019

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade presta aprobación á citada acta.

2º.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DO 7/2019 AO 16/2019

O Pleno toma coñecemento dos citados Decretos, copia dos cales quedan a disposición dos corporativos.

3º.- APROBACIÓN CONTA XERAL 2018

Pola Presidencia faise introdución do tema e dáse coñecemento de que, ultimada a confección da Conta Xeral do exercicio 2018 foi sometida a ditame da Comisión Informativa especial de contas en data 15 de abril do 2019. Que de acordo co informe da mesma e a normativa correspondente, procedeuse a practicar información pública habendo transcorrido o prazo de quince días e oito máis, fixado para a presentación das correspondentes reclamacións, sen que se producira ningunha, polo que tráense a este Pleno para que tal como está determinado se adopte acordo sobre a súa aprobación e posteriormente render dita Conta Xeral ao Consello de Contas, e todo iso en virtude e

en cumprimento do disposto nos artigos 116 da LRBRL e 208 a 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de facendas locais. Seguidamente polo Alcalde explícase cal é o contido da conta xeral e do procedemento para a súa aprobación, dando lectura a diversos apartados da mesma, tales como resultado orzamentario, remanente de tesourería, resumo liquidación orzamento, memoria, etc., todo iso referido o 31 de decembro do 2018.

Atópase sobre da mesa o expediente correspondente no que se conteñen tódolos documentos e trámites fixados, así como o informe da Intervención e os xustificantes da exposición pública.

VOTACIÓN: O Pleno en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación a Conta Xeral 2018, con 10 votos a favor dos Sres. concelleiros de PSdeG-PSOE e BNG, 1 voto en contra do Sr. concelleiro de MOVENEDA, e 2 abstencións dos Sres. concelleiros de PP.

4º.- APROBACIÓN DO PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o informe emitido pola Intervención municipal o día 24 de xaneiro de 2019 de avaliación do cumprimento da regra de gasto e da estabilidade orzamentaria, en relación a liquidación do Orzamento do exercicio 2018, no cal se establece, un incumprimento da regra de gasto pero unha situación de superávit a efectos da estabilidade orzamentaria,

Visto o Plan económico- financeiro suscrito por esta Alcaldía o día 17 de xuño de 2019, considerando que dito plan é conforme ao determinado nos artigos 19,20 e 21 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, así como tamén ao disposto no Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, na parte que é de aplicación ás entidades locais,

PROPOÑO, previo informe de Intervención, ao Pleno da Corporación:

- 1) Aprobar o Plan económico-financieiro do Concello de Neda nos termos que constan no documento anexo que se considera parte integrante do presente acordo.
- 2) Dar traslado do presente acordo á Intervención municipal e ao órgano competente da Comunidade Autónoma que exerza a tutela financeira (Dirección Xeral de Política financeira e Tesouro da Xunta de Galicia); así como a Comisión Nacional da Administración Local.
- 3) Levar a cabo a publicación deste plan seguindo as mesmas normas que as que resultan de aplicación para os Orzamentos das entidades locais, mediante un anuncio no

BOP, publicación ésta que será só a efectos informativos.

PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO DO CONCELLO DE NEDA PARA O PERÍODO 2019/2020

I. INTRODUCCIÓN

O artigo 3 da Lei Orgánica 2/2012 regula, con carácter xeral, o principio de estabilidade orzamentaria, e ven a establecer que “a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos que afecten aos gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea”. E defínese a estabilidade orzamentaria das Administracións Públicas como a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

O artigo 11 desta norma, ven a instrumentar tal principio de estabilidade orzamentaria ao fixar que tanto a elaboración, como a aprobación e a execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos das Administracións Públicas someteranse ao principio de estabilidade orzamentaria. E o artigo 12 adicado á regra de gasto, fixa como a variación do gasto computable das Corporacións Locais non poderá superar a taxa de referencia do crecemento do PIB de medio prazo da economía española.

Non obstante, cando exista un desequilibrio estrutural nas contas públicas ou unha débeda pública superior ao obxectivo establecido, o crecemento do gasto público computable axustarase á senda establecida nos repectivos plans económico-financeiros e de reequilibrio previstos nos artigos 21 e 22 da LOEPSF.

Así, o artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, modificado pola Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, indica que en caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a Administración incumplidora formulará un plan económico-financeiro que permita no ano en curso e no seguinte o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto, co contido e alcance previstos neste artigo.

En base ao disposto no artigo 12 da LOEPSF, nos seus apartados 2 e 3, relativos á definición de gasto computable e á competencia do Ministerio de Economía e Competitividade para calcular a taxa de referencia do crecemento do PIB de medio prazo para a economía española, de acordo coa metodoloxía empregada pola Comisión Europea en aplicación da súa normativa, tal taxa será obxecto de publicación e será a referencia a ter en conta polas Corporacións Locais na elaboración dos seus respectivos orzamentos. Non obstante, cando exista un desequilibrio estrutural nas contas públicas ou unha débeda superior ao obxectivo establecido, o crecemento do gasto computable axustarase á senda establecida nos respectivos plans económico-financeiros e de reequilibrio previstos nos artigos 21 e 22 da LOEPSF.

Do mesmo xeito, hai que ter presente a obrigatoriedade de cumprir co principio de sostenibilidade financeira, entendido como a capacidade para financiar compromisos de gastos presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade da débeda comercial, de conformidade co establecido na normativa de morosidade das operacións comerciais e na normativa europea.

En cumprimento do disposto no artigo 191.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e no artigo 90 do RD 500/1990 que desenvolve a anterior en materia de orzamentos aprobouse a liquidación do Orzamento de Neda correspondente ao exercicio 2018 mediante acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o día 28 de xaneiro de 2019, acompañada dos preceptivos informes da Intervención, poñéndose de manifesto o incumprimento por parte do concello da regra de gasto, pero atopándose tamén unha situación de estabilidade orzamentaria.

Así, tales informes, viñan a poñer de manifesto o seguinte:

- O concello de Neda cumpre co límite da débeda,
- O concello de Neda cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, e de feito presenta un **superávit** por importe de **364.113,92€**
- O concello de Neda **incumpre o límite da regra de gasto** nun importe de **358.844,97€** Isto tendo en conta os axustes feitos pola intervención municipal, e o dato que consta na plataforma do Ministerio con ocasión do envío da liquidación 2018, e que fan que o límite do gasto computable se situara finalmente, para o exercicio 2018, en 2.844.680,98€. Agora ben, isto fará tamén que o dato de partida a efectos de determinar o gasto computable para 2019 se sitúe en 3.203.525,95€.

Así, estes son os datos que ao respecto mostra a Oficina Virtual de Entidades Locales en relación aos datos da liquidación do exercicio 2018:

Gasto comp. Liquid 2017	Gasto IFS	Límite regra de gasto	Gasto computable liquid 2018
2.778.008,77	25.000,00	2.844.680,98	3.203.525,95

En consecuencia, e ante tal incumprimento, a aplicación da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira fíxose necesario a elaboración dun plan económico financeiro que lle permitira ao concello recuperar a situación de equilibrio, a 31 de decembro de 2019 e de 2020; é dicir, no momento de efectuar a liquidación de tales orzamentos, xa que de conformidade co establecido no artigo 21 da LOEPSF o PEF deberá conter medidas para o ano en curso (2019) e para o seguinte (2020).

Por último, cómpre lembrar que con ocasión da aprobación do Orzamento do exercicio 2019 (o orzamento prorrogado do exercicio 2018) este concello cumpría co obxectivo de estabilidade orzamentaria e co límite de débeda.

En relación á análise do cumprimento da regra de gasto con ocasión do Orzamento do exercicio actual (o prorrogado do ano anterior), cómpre ter en conta que tras a modificación da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de suministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira mediante Orde HPA/2082/2014, de 7 de novembro, concretamente a modificación dos artigos 15.3 c)

e 16.4, supoñen que xa non é preceptivo o informe do interventor local sobre o cumprimento da regra de gasto en fase de elaboración do orzamento, estando só previsto como informe en fase de liquidación do orzamento. Trimestralmente deberá facerse unha valoración estimativa do cumprimento da regra de gasto ao peche do exercicio.

Cómpre ter en conta que cando xa estaba preparado o expediente do PEF veu a recaer a sentenza relativa ao litixio que o Concello tiña coa entidade financeira BBVA Argentaria, S.A., como consecuencia do derivado asociado ao préstamo concertado con esta entidade en 2018. Isto supuxo que o concello vai cancelar a débeda pendente a día de hoxe con tal entidade, e cifrada en 290.903,89€. Para isto tramitouse a correspondente modificación orzamentaria e de ahí que agora se reformule o PEF para o período 2019-2020 a fin de que se inclúa xa esta operación.

II. OBXECTIVOS

Os obxectivos que se pretenden obter co presente Plan Económico Financeiro son que o Concello de Neda cumpra con todas as magnitudes económico financeiras que permitan valorar positivamente a situación económica da Corporación, e que se enumeran a continuación:

- Aforro Neto Positivo
- Remanente de Tesourería Positivo
- Resultado Orzamentario Positivo
- Nivel de Endebemento por debaixo dos límites marcados legalmente para cada exercicio
- Estabilidade Orzamentaria en situación de Superávit ou de Capacidade de Financiamento
- Cumprimento da Regra de Gasto

Para lograr isto é necesario pois a elaboración do presente Plan, que se estruturará nas seguintes fases, seguindo o esquema establecido polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

1ª Fase: Causas, diagnóstico e previsión temporal

A dita fase consiste en realizar unha análise das magnitudes descritas e outras que se consideren pertinentes para detectar cal é o motivo do incumprimento das Regras Fiscais de conformidade co previsto na LOEFSF.

2º Fase: Medidas: descrición, cuantificación e calendario

Esta fase consiste en determinar as estratexias de actuación e as medidas a adoptar. Propóñense as principais medidas que se pretenden levar a cabo para corrixir a situación cuantificando o efecto que as ditas medidas terán sobre a economía da entidade. Sinálanse os obxectivos a lograr coa aplicación do Plan en relación coa Capacidade/Necesidade de Financiamento, Límite de Gasto e Nivel de Débeda.

3ª Fase: Conclusión e obxectivo

Isto é, téñense que levar á práctica as medidas propostas e desenvolvidas na fase anterior conforme ao calendario de actuación que se aprobe.

4ª Fase: Control e seguimento do Plan

O control será realizado polo órgano de tutela financeira a través dos informes de intervención trimestrais, semestrais ou anuais (de aprobación do Orzamento, Liquidación do Orzamento, Obrigas Trimestrais, etc.) nos que se poña de manifesto se están a cumprirse os obxectivos marcados no propio Plan.

III. CONTIDO E TRAMITACIÓN

Segundo o establecido no artigo 21 da LOEPSF, o Plan Económico Financeiro **conterá, como mínimo**, a seguinte información:

- a) As causas do incumprimento do obxectivo establecido, ou no seu caso, do incumprimento da regra de gasto e da estabilidade orzamentaria.
- b) As previsións tendenciais de ingresos ou gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.
- c) A descrición, cuantificación e calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, sinalando as partidas orzamentarias ou rexistros extraorzamentarios nos que se contabilizarán.
- d) As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os que se basan estas previsións, de conformidade co previsto no informe a que fai referencia o apartado 5 do artigo 15.
- e) Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.

Terase en conta igualmente o establecido no artigo 116.bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, o cal sinala como **medidas adicionais** ás anteriores:

- a) A supresión de competencias que exerza a entidade local que sexan distintas das propias e das exercidas por delegación.
- b) Xestión integrada ou coordinada dos servizos obrigatorios que presta a Entidade Local para reducir os seus custos.
- c) Incremento de ingresos para financiar os servizos obrigatorios que presta a Entidade Local.
- d) Racionalización administrativa.
- e) Supresión de entidades de ámbito territorial inferior ao municipio que, no exercicio orzamentario inmediato anterior, incumplan co obxectivo de estabilidade orzamentaria ou co obxectivo de débeda pública, ou que o período medio de pago a provedores supere en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa de morosidade.
- f) Unha proposta de fusión cun municipio colindante da mesma provincia.

En canto á **tramitación** terase en conta a aplicación do seguinte calendario:

- a) Presentación do Plan Económico Financeiro ante o Pleno municipal no prazo máximo dun mes dende que se constate o incumprimento.

- b) Aprobación polo Pleno municipal no prazo máximo de dous meses dende a súa presentación.
- c) A posta en marcha do plan non poderá exceder de tres meses dende a súa presentación.
- d) Remisión do Plan á Comunidade Autónoma así como a Comisión Nacional de Administración Local para o seu coñecemento.
- e) Publicación do Plan do mesmo xeito que se establece na lei para os orzamentos da entidade.

Neste caso, trátase de intentar que o Plan sexa sometido a aprobación plenaria canto antes a fin de que poida poñerse en marcha, en todo caso, na segunda metade do ano. E isto por canto que, aínda que resulta un pouco axustado, non foi posible levar a cabo antes a súa aprobación, ao estar tamén a espera de que se abrixa a plataforma do Ministerio para o envío da liquidación do exercicio 2018, xa que tales datos introducidos téñense que volcar logo automaticamente á plataforma de envío do PEF.

IV. SITUACIÓN ACTUAL

A liquidación do orzamento 2018, proporciona as seguintes magnitudes:

- A. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS: 1.298.973,45
- B. RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO: 531.482,53
- C. ESTABILIDADE ORZAMENTARIA: 364.113,92
- D. AFORRO NETO A 31/12/2018: 675.537,74 (701.736,93 se descontamos as obrigas financiadas con remanente de tesourería para gastos xerais)
- E. PORCENTAXE DÉBEDA VIVA SOBRE INGRESOS CORRENTES: 14,23%
- F. PERÍODO MEDIO DE PAGO A 31/12/2018: 0,93

En consecuencia, e á vista dos datos anteriores, resulta que o Concello cumpre con todos os apartados do principio de sostenibilidade financeira, salvo o relativo á regra de gasto.

V. PRIMEIRA FASE: CAUSAS, DIAGNÓSTICO E PREVISIÓN TEMPORAL

A causa do incumprimento da regra de gasto que resultou na liquidación do exercicio 2018 (e que motiva a obriga de elaborar este PEF) é consecuencia do aumento do gasto non financeiro respecto ao exercicio anterior, e de que finalmente obtívose unha cifra de gastos financiados con fondos finalistas un pouco inferior á prevista.

Toda vez que a execución alcanzada no exercicio 2017 é o que marca a cifra do gasto computable que sirve de base para aplicar a taxa de referencia aprobada para 2018,

Así, é o gasto executado no exercicio anterior o que, ao aplicarlle a taxa de variación prevista polo Goberno, determina o límite de gasto para o ano seguinte. E entón resultou que no ano 2018 e aínda que os ingresos foron máis que suficientes para dar cobertura ao gasto executado (de feito liquidáronse moitos máis ingresos que no exercicio anterior), tal gasto superou o límite previsto en aplicación da regra de gasto, por canto que as taxas de variación previstas son bastante baixas.

As cifras de obrigas recoñecidas nos exercicios 2017 e 2018 son as seguintes:

GASTOS ORZAMENTARIOS	O.R.N 2018	O.R.N 2017	DIFERENZAS	% INCRM/DEC REM
1. Gastos de persoal	971.567,77	952.318,52	+19.249,25	1,98
2. Gastos en bens correntes e servizos	2.825.982,34	2.584.208,40	+241.773,94	8,56
3. Gastos financeiros	21.734,47	16.438,01	+5.296,46	24,37
4. Transfer. Correntes	136.029,18	121.031,30	+14.997,88	11,02
5. Fondo Contixencia	0,00	0,00	0,00	0,00
6. Inversións reais	607.788,78	387.417,98	+220.370,80	36,26
7. Transfer. de capital	0,00	0,00	0,00	0,00
8. Activos financeiros	4.032,00	12.564,00	-8.532,00	
9. Pasivos financeiros	47.509,99	27.121,36	+20.388,63	
TOTAL	4.614.644,53	4.101.099,57	513.544,96	

Como pode verse o capítulo que máis acusou o incremento de gasto, en termos globais, foi o 2 de gastos correntes, seguido polo capítulo 6 de investimentos reais. En termos relativos de porcentaxe o maior incremento prodúxose no capítulo 6 de investimentos. Básicamente tratouse de levar a cabo aqueles gastos necesarios para un normal funcionamento dos servizos públicos e de atender as necesidades veciñais. De ahí aumentos en servizos básicos ou en servizos sociais (o servizo de axuda a domicilio).

VI. MEDIDAS A ADOPTAR PARA CORREXIR A SITUACIÓN

Tendo en conta a causa do incumprimento da regra de gasto derivado da liquidación do exercicio 2018, e considerando o dato das magnitudes expostas no apartado anterior, cómpre sinalar que non se observa ningún problema estrutural no gasto desta entidade que de lugar á necesidade de adoptar algunha das medidas extraordinarias de contención do gasto ou incremento de ingresos, xa que a adopción de tales medidas abocaría a unha liquidación dos orzamentos de 2019 e 2020 cun maior remanente líquido de tesourería positivo e isto suporía entón, unha ineficiencia no uso dos fondos públicos.

Mediante a aprobación do presente plan adquirese o compromiso de non incumprir a regra de gasto nos exercicios 2019 e 2020, executando tales orzamentos por debaixo do límite máximo previsto no Anexo I deste plan

Por outra banda, durante a fase de elaboración do contido e tramitación deste plan, tívose coñecemento da sentenza nº 42/19 ditada polo Xulgado de Primeira Instancia nº 8 de A Coruña, no que en relación ao litixio que este concello tiña plantexado coa entidade financeira BBVA, prestamista da única operación de préstamo con entidade financeira vixente, declarou a nulidade do contrato de préstamo de 20 de maio de 2018 (o contrato asinado entre o concello e a entidade BBVA Argentaria, S.A. actualmente); debendo as partes restituirse os pagos derivados do dito contrato.

Dende a entidade financeira informouse da non intención de recurrir a sentenza, de xeito tal que o día 12/04/2019 presentouse escrito no concello en relación ás cifras que plantexaba a entidade financeira para así cumprir o disposto na sentenza. Tras a

tramitación do correspondente expediente de modificación orzamentaria, o Concello procedeu a liquidar tal operación de préstamo, o cal se produxo o día 11 de xuño de 2019. Consecuencia de todo isto tivo que reformularse a previsión contida no PEF para o período 2019-2020, e de ahí que aínda sexa agora cando se presenta para a súa aprobación, unha vez feitas as modificacións oportunas no primeiro documento preparado.

VII. PREVISIÓNS TENDENCIAIS DE INGRESOS E GASTOS

No anexo I deste Plan contémplanse as previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo a premisa do incremento do gasto computable nas porcentaxes permitidos polo Acordo do Consello de Ministros para os exercicios 2019 e 20250 (2,7% e 2,8%, respectivamente); e polo que se refire aos ingresos, mantendo unha posición conservadora, prevese que o nivel de ingresos esté nuns valores próximos ao alcanzado na execución 2018, considerando algún pequeno incremento, e mantendo o mesmo nivel de estimación de dereitos correntes para os dous anos aos que se refire o PEF. Ante a falta de máis información a día de hoxe, óptase por minorar os ingresos previstos en 2020 por transferencias de capital.

En relación ao nivel da débeda municipal, tómanse os datos tendo en conta o xa manifestado anteriormente, no sendo de que dende o día 11 de xuño de 2019, este concello xa non ten pendente de devolución préstamo algún con entidade financeira. A única débeda pendente de devolución é a derivadas das liquidacións negativas que resultaron en anos anteriores de liquidacións definitivas da PTE, e os préstamos PAI concertados coa Deputación Provincial.

Polo que se refire á débeda comercial e ao período medio de pago, téñense en conta os datos a data de 31/12/2018 pero tamén a data de 31/03/2019, por seres a última calculada e informada na plataforma do Ministerio.

VIII. ANÁLISIS DE SENSIBILIDADE CONSIDERANDO ESCENARIOS ECONÓMICOS ALTERNATIVOS

Tendo en conta o disposto nos apartados anteriores, non é necesario contemplar escenarios alternativos, quedando garantizada a sostenibilidade orzamentaria de conformidade co previsto neste plan.

IX. CONTROL E SEGUIMIENTO DO PLAN

O control e seguimento do Plan será realizado polo órgano de tutela financeira da Xunta de Galicia, a través dos informes de intervención trimestrais, semestrais ou anuais (de aprobación de orzamentos, de liquidación de orzamentos, obrigas trimestrais de remisión de información económico-orzamentaria, etc) nos que se poña de manifesto si están a cumprirse os obxectivos marcados no propio Plan.

X. CONCLUSIÓNS

O presente plan económico-financeiro é de obrigada elaboración e aprobación como consecuencia do incumprimento da regra de gasto constatado na liquidación do orzamento do exercicio 2018.

Analizada entón a situación económica desta Entidade derivada da liquidación 2018, o concello de Neda presenta entón un Plan Económico Financeiro que se limite a corrixir o desaxuste na regra de gasto, considerando que o resto das magnitudes relevantes cúmprese, como se expuxo anteriormente, tal e como se mosta nos anexos a este plan; mostrando así unha situación da entidade local saneada e sostible.

Mediante a aprobación do presente plan, adquirese o compromiso de non incumprir a regra de gasto nos exercicios 2019 e 2020, executando gasto por debaixo do límite máximo previsto no anexo a este Plan.

Consecuencia do anterior, e dando cumprimento ao previsto no artigo 21 da LOEPSF, esta alcaldía formula o presente plan económico-financeiro para a súa aprobación polo Pleno.

ANEXO I: EVOLUCIÓN TENDENCIAL INGRESOS-GASTOS

Segundo os datos que se van a remitir ao Ministerio con ocasión da elaboración das liñas fundamentais do orzamento 2019, e o previsto de cara á execución do orzamento do exercicio 2018, tendo en conta tamén unha estimación da evolución dos ingresos e gastos en base á información de que se dispón a día de hoxe, e os datos que constan nos plans orzamentarios remitidos no mes de marzo.

- A) EVOLUCIÓN PREVISTA PARA OS INGRESOS (estimación de dereitos recoñecidos a 31/12): elabóranse tomando como referencia os datos consignados nos plans orzamentarios 2020-2022, pero tamén con datos actualizados en base á información da que se dispón a día de hoxe (o nivel de execución alcanzado en 2018). Óptase por aplicar a prudencia, e manter un nivel de execución de ingresos casi igual para os dous exercicios. Dado que de momento aínda non se comenzaron a amortizarse os préstamos PAI concertados coa Deputación Provincial e que dende xuño deste ano xa non existe préstamo algún pendente de devolución con entidade financeira, o capítulo 9 está a cero tanto en ingresos como, logo verase, no apartado de gastos. E isto por canto que non é intención do concello concertar de momento novas operacións de préstamo.

INGRESOS CORRENTES	Ano 2019	Ano 2020
Capítulo 1 y 2: Impuestos directos e indirectos	1.218.931,19	1.218.931,19
Imposto sobre Bens Inmóbles	866.269,58	866.269,58
Imposto sobre Actividades Económicas	20.250,40	20.250,40
Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica	282.411,21	282.411,21
Imposto sobre Incremento Valor Terreos Natureza Urbana	30.000,00	30.000,00
Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras	20.000,00	20.000,00
Cesión de impostos do Estado	0,00	0,00
Ingresos do capítulo 1 e 2 non incluídos	0,00	0,00
Capítulo 3: Taxas, Prezos públicos e outros ingresos	1.020.946,29	1.020.946,29
Capítulo 4: Transferencias correntes	2.227.811,42	2.227.811,42
Participación en tributos do Estado	1.040.000,00	1.040.000,00
Resto de Transferencias correntes (resto Cap.4)	1.187.811,42	1.187.811,42
Capítulo 5: Ingresos Patrimoniais	2.500,00	2.500,00
Total de Ingresos correntes	4.470.188,90	4.470.188,90

INGRESOS DE CAPITAL	Ano 2019	Ano 2020
----------------------------	-----------------	-----------------

Capítulo 6. Enaxenación de investimentos	0,00	0,00
Capítulo 7: Transferencias de capital	710.430,76	610.430,76
Total de Ingresos de Capital	710.430,76	610.430,76

INGRESOS FINANCIEROS	Ano 2019	Ano 2020
Capítulo 8. Ingresos por activos financeiros	24.000,00	24.000,00
Capítulo 9. Ingresos por pasivos financeiros	0,00	0,00
Total de Ingresos Financeiros	24.000,00	24.000,00

B) EVOLUCIÓN PREVISTA PARA OS GASTOS: elabóranse tomando como referencia os datos consignados nos plans orzamentarios 2020-2022 pero tamén os niveis alcanzados no exercicio anterior, así como os datos que se foron cargando na plataforma do Ministerio do PEF para tratar así de dispoñer dos datos que permitan axustar a execución que hai que alcanzar ao cumprimento dos obxectivos fixados.

GASTOS CORRENTES	Ano 2019	Ano 2020
Capítulo 1: Gastos de persoal	1.010.721,72	1.035.989,98
Capítulo 2: Gastos correntes en bens e servizos	2.910.000,00	2.969.000,00
Capítulo 3: Gastos financeiros	7.000,00	3.000,00
Capítulo 4: Transferencias correntes	146.029,18	146.029,18
Capítulo 5: Fondo de contingencia	0,00	0,00
Total de Gastos Correntes	4.073.750,90	4.154.019,16

GASTOS DE CAPITAL	Ano 2019	Ano 2020
Capítulo 6. Investimentos reais	723.000,00	700.000,00
Capítulo 7. Transferencias de capital	28.849,34	0,00
Total de Gastos Capital	751.849,34	700.000,00

GASTOS FINANCIEROS	Ano 2019	Ano 2020
C. 8. Activos financeiros	24.000,00	24.000,00
Achegas patrimoniais	0,00	0,00
Outros gastos en activos financeiros	24.000,00	24.000,00

C.9. Pasivos financeiros	300.765,17	0,00
Total de Gastos Financeiros	324.765,17	24.000,00

Débeda viva a 31/12 PDE	2019	2020
	0,00	0,00

ANÁLISE DA CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIACIÓN

CONCEPTO	Ano 2019	Ano 2020
Suma capítulos 1 a 7 ingresos (A)	5.180.619,66	5.080.619,66
Suma capítulos 1 a 7 gastos (B)	4.825.600,24	4.854.019,16
Diferenza (A-B)	355.019,42	226.600,50

De momento, e por prudencia non imos tener en conta axustes. Básicamente tales axustes serían polos importes da recaudación real de correntes e pechados, e polo saldo final da conta 413 (acreedores por obrigas pendentes de aplicar ao orzamento, que neste concello non suele haber a 31 de decembro).

A razón de ser de non aplicar tales axustes sería:

- Para o caso da recaudación de dereitos, normalmente xa se estima con prudencia e ademais hai ingresos por importe elevado pendentes de cobro de exercicios pechados que supoñemos se irán cobrando neste exercicio e nos próximos, co cal podería producirse un axuste positivo.
- O saldo da conta 413 non está a distorsionar dun exercicio para o seguinte a estabilidade orzamentaria por canto que, a lo menos nos últimos dous exercicios non houbo saldo nesta conta a 31 de decembro.

En consecuencia, cumpriríase coa estabilidade orzamentaria.

ANÁLISE DA REGRA DE GASTO

A) EXERCICIO 2019

En principio, para o ano 2019, e segundo o dato que figura no expediente da liquidación do orzamento e na oficina virtual con ocasión do envío dos datos correspondentes á execución do 4º trimestre 2018, o límite máximo sitúase en **3.203.525,95€**. E a estimación que se fai da liquidación dos gastos é a que figura nos cadros anteriores. A efectos de determinar o gasto afectado, dada a falta de información completa, imos considerar os datos coñecidos a día de hoxe correspondente ás subvencións concedidas para financiar gastos que se consignaron con ocasión da liquidación 2018. Así que por prudencia traballamos só cos que están detallados no orzamento. Así, resulta o seguinte:

GASTOS 2019

GASTO COMPUTABLE (cap.1-7)	4.825.600,24
INTERESES 2019	(0,00)
GTO. AFECTADO 2019 (consideramos o dato co que se traballou na liquidación 2018, por canto que normalmente estes gastos son repetitivos dun ano para o seguinte)	1.312.842,12
AXUSTES (consideramos a execución prevista en 2019 das obras financiadas co superávit 2018 que figuran en expdte IR)	225.675,68

LÍMITE GASTO COMPUTABLE INICIAL	3.290.021,15
--	---------------------

3.203.525,95€ según dato en OOVVEELL x 2,7% tasa incremento aprobada para 2019

LÍMITE GTO. NO FCIERO 2019 CON ESTIMACIÓN OBRIGAS RECOÑECIDAS E AXUSTES POR GASTOS AFECTADOS E IFS	3.287.082,44
---	---------------------

Cumprírase coa regra de gasto (diferenza positiva de 2.938,71€)

B) EJERCICIO 2020

En principio, para o ano 2020 parto do límite de gasto computable resultante do exercicio 2019 no PEF (por canto que é este documento o que fixa o límite do gasto computable) para calcular o límite do gasto financeiro, segundo os datos anteriormente detallados.

GASTOS PREVISTOS 2020

CAPÍTULO	IMPORTE
1	1.035.989,98
2	2.969.000,00
3	3.000,00
4	146.029,18
5	0,00
6	700.000,00
7	0,00
8	24.000,00

9	0,00		
		Suma Cap. 1 a 7	4.854.019,16
		GASTO COMPUTABLE LIQ. 2019	3.287.082,44
		Tasa referencia crecimiento	1,028
		GASTO COMPUTABLE x TASA	3.379.120,75
Intereses	0,00		
Gto. Afectado	1.312.842,12	Incrementos de recaudación	0,00
		GASTO COMPUTABLE MÁXIMO	3.379.120,75

Considerando os datos estimado de execución do orzamento 2020:

GASTO COMPUTABLE (cap.1-7)	4.854.019,16
INTERESES 2020	0,00
GTO. AFECTADO 2020 (seguimos a mesma liña que na estimación de 2019, considerando o dato co que se traballou na liquidación 2018, por canto que normalmente estes gastos son repetitivos dun ano para o seguinte)	1.312.842,12
AXUSTES POR IFS (seguimos a mesma liña que na estimación de 2019, considerando a existencia dun importe desta natureza dentro do capítulo 6 de gastos)	180.000,00

LÍMITE GTO. COMPUTABLE MÁXIMO PARA 2020	3.379.120,75
--	---------------------

GTO. NO FCIERO COMPUTABLE PARA 2020 EN BASE A ESTIMACIÓN OBRIGAS RECOÑECIDAS	3.361.177,04
---	---------------------

Polo tanto, en 2020 estaríase a cumprir tamén co límite da regra de gasto (diferenza de 17.943,71€)

DEBATE: Sr. Pereira Arnoso: non se fixeron ben as cousas e se superou a regra de gasto en 358.000 euros, este PEF trata de subsanar estes incumprimentos, así que pedimos que se cumpra con el.

Sra. Bouza Bellón: estamos a favor, as esixencias do Goberno con todos os Concellos son abusivas, non é de recibo que tendo superávit teñamos que facer un PEF.

Sr. Pita Galego: todos os anos anteriores se cumpriu con regra de gasto, en cambio este ano, que houbo eleccións locais, non se cumpriu; queremos preguntar si ademais de aprobar o PEF e cumprilo, hai que cumprir algún outro requisito para superar este incumprimento de regra de gasto?

Sr. Alcalde: en principio non, so cumprir o PEF.

Sr. Pita Galego: a ver si co cumprimento do PEF se pode contratar persoal que é moi necesario.

Sr. Alcalde: non é de recibo que habendo un remanente de tesourería de 365.000 euros haxa que aprobar un PEF.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta presta aprobación a Plan económico financeiro proposta pola Alcaldía-Presidencia, con 10 votos a favor dos Sres. concelleiros de PSdeG-PSOE e BNG, e 3 abstencións dos Sres. concelleiros de PP e MOVENEDA.

5º.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 2/2019

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Chegadas as datas actuais, e a pesares da modificación levada a cabo a principios deste exercicio nas bases de execución do orzamento, entraron no Concello facturas correspondentes a servizos e/ou suministros que se produciron no ano pasado, pero o proveedor non as enviou ata estes últimos meses. Consecuencia disto, non foi posible levar a cabo a súa imputación ao dito orzamento.

Dado que o criterio que se está a aplicar é o de considerar que tales facturas, sexan aprobadas polo Pleno Municipal como consecuencia do desfase temporal que se produce,

tendo en conta o principio de anualidade orzamentaria regulado no TRLRFL e no Real decreto 500/1990, e que non se corresponden a gastos que puideran considerarse xa directamente imputables ao orzamento actual, xa que non existe no exercicio anterior un compromiso de gasto previo adoptado respecto a tales gastos nin se trata de gastos nos que se incorrera nos últimos dous meses do ano.

Tendo en conta o informe emitido ao efecto pola interventora municipal, e co fin de evitar prexuízos económicos para o Concello derivados do incumprimento dos prazos máximos de pago, e dado que se trata de gastos que non puideron ser aplicados ao exercicio anterior por non ser presentados polo proveedor no exercicio no que se produciron, pero son presentadas agora antes de ter transcorrido un ano dende que se prestou o servizo ou se recibiu o suministro,

E considerando que en aplicación do principio de anualidade orzamentaria, a cada exercicio impútanse os gastos que se produciron no mesmo, sen máis excepcións que as contempladas na normativa sobre facendas locais; e dado que entre tales excepcións atópase a posibilidade de aplicar aos créditos do orzamento corrente, no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores e relativas aos expedientes de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos, como é este o caso;

Esta alcaldía propón:

- Aprobar un expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos para aprobar as facturas incluídas no anexo a esta proposta, na relación EXPEDIENTE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 2/2019 por importe de 2.113,27€
- A aprobación de tales facturas levarase a cabo con cargo ao orzamento deste exercicio.
- Que a aprobación deste gasto de lugar ás anotacións contables e orzamentarias que legalmente xeneren, continuándose co procedemento, unha vez recoñecidas as obrigas polo Pleno Municipal, segundo o reparto de competencias vixentes no Concello.

Considera unha vez máis esta alcaldía que tal imputación ao orzamento corrente é posible por canto que as partidas de imputación dispoñen a día de hoxe de crédito suficiente (tanto a nivel de partida, como tamén a nivel da vinculación xurídica) para poder soportar tales gastos; dado o importe co que se está a traballar, e o feito de que houbo unha demora por parte do proveedor á hora de presentar no concello a factura.

EXPEDIENTE RECONOCIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITOS 2/2019											
Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Situación	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Ejer	Prog	Econ
F/2019/1624	10/07/2019	033/19	15/04/2019	400,00	E - Registrada	B1506465	AUTOS VARELA MIÑO, S.L.	POR UNHA VIAXE A CORUÑA EN AUTOBUS	2019	330	22699
F/2019/1403	19/06/2019	18321274822478	23/08/2018	1.090,02	E - Registrada	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	ENERXÍA ELÉCTRICA C. MACIÑEIRA 11/5-15/7/18	2019	320	22100
F/2019/1625	10/07/2019	FV-6676	31/05/2018	25,10	E - Registrada	B15056385	COMASA COMERCIAL MANIÑOS, S.L.	POR MATERIAIS OBRAS PARQUES CONCELLO	2019	171	22199
F/2019/1626	10/07/2019	FV-6677	31/05/2018	143,12	E - Registrada	B15056385	COMASA COMERCIAL MANIÑOS, S.L.	POR MATERIAIS OBRAS BANCOS PARQUE SE PASEO	2019	171	22199
F/2019/1627	10/07/2019	FV-6678	31/05/2018	165,96	E - Registrada	B15056385	COMASA COMERCIAL MANIÑOS, S.L.	MATERIAIS OBRAS PARQUE COBELUDA	2019	171	22199
F/2019/1628	10/07/2019	FV-6725	31/05/2018	289,07	E - Registrada	B15056385	COMASA COMERCIAL MANIÑOS, S.L.	POR MATERIAIS OBRAS PARQUE COBELUDA	2019	171	22199
				2.113,27							

DEBATE: Sr. Pereira Arnos: haberá que apremiar aos provedores para que presenten as facturas en tempo.

Sr. Pita Galego: é a segunda vez que se fai un expediente deste tipo, e queremos lembrar que as empresas teñen que cumprir coas súas obrigas, igual que o Concello.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta presta aprobación á proposta da Alcaldía, que queda convertida en acordo, con 10 votos a favor dos Sres.

concelleiros de PSdeG-PSOE e BNG, e 3 abstencións dos Sres. concelleiros de PP e MOVENEDA.

6º.- EXPEDIENTE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 31/2019 E 32/2019

PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS MC 31/2019 E MC 32/2019.

Elaborada a Providencia da Alcaldía de 12 de xullo de 2019, polo que se incoa o presente expediente e se xustifica a necesidade do mesmo, tal e como se establece na base 4ª das de execución do orzamento, e solicitados os informes correspondentes da intervención municipal.

Vistos os informes da Intervención municipal relativo á fiscalización do expediente de modificación de créditos MC 31/2019 (suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do ano 2018) e MC 32/2019 (crédito extraordinario crédito financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do ano 2018), para atender as seguintes necesidades consideradas urxentes e inaprazables:

- Acometer canto antes as obras de pavimentación de camiños e de abastecemento de auga co fin de contribuír a dotar ao concello da infraestrutura e dos servizos básicos esenciais para os veciños.
- Levar a cabo a sinalización de perigos e advertencia de pasos peonís, para deste xeito facilitar un uso adecuado das nosas vías e evitar prexuízos aos viandantes ao tempo que se trata tamén de garantir o uso adecuado deste tipo de infraestructuras municipais.
- Contribuír ao asentamento de poboación dentro do noso término municipal. E consideramos que o feito de que os dous colexios que temos aquí proporcionen un servizo de comedor e de madrugadores fará máis atractiva para os pais este tipo de centros. Trátase así de atraer máis nenos ao concello, e ao tempo facilitar

aos xa existentes unha mellor calidade de vida no ámbito educativo para os pais e para os nenos.

Tendo en conta os informes da Intervención municipal de fiscalización destes expedientes de modificación de créditos, de xeito que en base a eles e considerando que este expediente por si só non debería repercutir negativamente nin na estabilidade orzamentaria nin na regra de gasto,

Considerando que no orzamento vixente, non existe crédito suficiente para imputar estos gastos, tramitouse o presente expediente de modificación de créditos MC 31/2019 (suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do ano 2018) e MC 32/2019 (crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do ano 2018).

Por todo o anterior, esta Alcaldía emite a seguinte proposta de acordo para que polo Pleno se adopten os seguintes acordos:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos **MC 31/2019 de Suplemento de Crédito**, financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais procedente da liquidación de 2018, por importe de **42.000,00 euros**, de acordo co seguinte esquema:

A) SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS (aplicacións dotadas insuficientemente no orzamento)

PROX.	Aplicación Orzamentaria	Consignación antes deste expediente(€)	Aumento que se propón (€)	Total consignación resultante (€)	Causas da súa necesidade
	1532 61900	662.007,78	24.000,00	686.007,78	Execución actuación

					non prevista en orzamento e para a que non hai crédito suficiente
	133 62500	3.000,00	18.000,00	21.000,00	Execución actuación para que non hai crédito suficiente
TOTAL SUPLEMENTOS DE CRÉDITO			42.000,00		

TOTA SUPLEMENTO DE CRÉDITOS: 42.000,00 €

2º FINANCIAMENTO

Para financiar os maiores créditos a aumentar sinalados no apartado anterior, propónse empregar os recursos seguintes: con cargo ao remanente líquido de Tesourería para gastos xerais; por un importe total de **42.000,00 €**, de acordo co seguinte detalle:

DESCRICION		IMPORTE
Económica		
87000	Remanente de Tesourería para Gastos Xerais.	42.000,00
	Total.....	42.000,00
	..	0

2.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos **MC 32/2019** de **Crédito Extraordinario**, financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais procedente da liquidación de 2018, por importe de **15.600,00 euros**, de acordo co seguinte esquema:

A) CRÉDITO EXTRAORDINARIO (aplicacións sen dotación inicial)

PROX.	Aplicación Orzamentaria	Consignación antes deste expediente(€)	Aumento que se propón (€)	Total consignación resultante (€)	Causas da súa necesidade
	323 48012	0,00	6.000,00	6.000,00	Execución actuación non prevista no orzamento e sen consignación inicial en partida de imputación
	161 60900	0,00	9.600,00	9.600,00	Execución actuación non prevista no orzamento e sen consignación inicial en partida de imputación
TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO			15.600,00		

TOTA CRÉDITO EXTRAORDINARIO: 15.600,00 €

2º FINANCIAMENTO

En canto ao financiamento do expediente, este realizase con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación do ano 2018 (importe dispoñible pendente de emprego), calculado de acordo co establecido pola lexislación vixente, de acordo co seguinte detalle:

DESCRION	IMPORTE

Económica		
87000	Remanente de Tesourería para Gastos Xerais.	15.600,0 0
	Total.....	15.600,0
	..	0

3.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación da base 32ª de execución do orzamento a fin de incorporar ao cuadro relativo ás subvencións previstas nominativamente no Orzamento as seguintes:

<i>Aplicación</i>	<i>Denominación</i>	<i>Importe</i>
323 48012	<i>Aportación a ANPA Colexio San Isidro, para programa comedores escolar e programa madrugadores</i>	3.000,00
323 48012	<i>Aportación a ANPA Colexio Maciñeira, para programa comedores escolar e programa madrugadores</i>	3.000,00

4.- Expoñer estes expedientes de modificación de créditos e das bases de execución ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

No caso de que non se presenten reclamacións ao acordo entenderase definitivamente adoptado, debendo publicarse dicha modificación do Orzamento, resumida por capítulos, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aprueba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

VOTACIÓN: O Pleno en votación ordinaria e por unanimidade presta aprobación á proposta da Alcaldía, que queda convertida en acordo.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS

Intervén en primeiro lugar o **concelleiro de MOVENEDA, Sr. Pita Galego**, quen formula os seguintes rogos e preguntas:

- 1º.- Que medidas se adoptaron dende o Concello polo alto risco de incendios?
- 2º.- Existen problemas de ratos no entorno do Instituto.
- 3º.- Nas actas de Comisións de delegados de áreas se fala de rebacheos, dónde se están facendo?
- 4º.- Felicitamos ao goberno local porque finalmente se deixa de pagar o canon pola concesión de dominio público marítimo-terrestre en Xuvia, aínda que se tiña que ter feito moito antes.

Respóstalle o **Sr. Alcalde**:

- 1º.- En canto á prevención por alto risco de incendios forestais xa nos adherimos ao convenio da Xunta de Galicia.
- 2º.- Xa se requiriu a Eshor e a outros propietarios para que adecenten as fincas do entorno do Instituto.
- 3º.- Se rebacheou na zona do Puntal e do Murallón, e quedan algúns traballos por facer en Subarreiros, baixando á feira e en Casadelos.
- 4º.- En canto á concesión de Xuvia, se intentou poñer en marcha o local de hostaleira, pero condicionantes urbanísticos non o permitían.

Sr. Pita Galego: se debería rebachear tamén o camiño de Gunduriz á Rabadeña.

Sr. García Cordero: tamén se vai facer.

Seguidamente intervén o **concelleiro do PP, Sr. Rey Fernández**, que formula o seguinte rogo: se debería dar unha limpeza ás fontes públicas.

Sr. Alcalde: así o faremos.

E non habendo máis asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión cando son as doce horas e vinte e oito minutos do día sinalado no encabezamento, de todo o cal esténdese a presente acta, do que eu, Secretario, dou fe e certificado.

O Alcalde

O Secretario Xeral

